

Regresión demográfica e finanzas locais: o caso dos municipios galegos 2001-2019

Demographic regression and local finances: the case of the Galician municipalities 2001-2019

Xoaquín Fernández Leiceaga^{1,a} 

¹ CISPAC, Research on Territory, Universidade de Santiago de Compostela, Avenida do Burgo das Nacións, Facultade de Ciencias Economías e Empresariais, 15782, Santiago de Compostela, España

 a_xoaquin.fernandez@usc.es

Recibido: 18/12/2023; Aceptado: 10/09/2024

Resumo

A regresión demográfica que afecta a Galicia intégrase, con algunha singularidade, nun cadro máis xeral con consecuencias económicas e sociais diversas. Entre elas, potencialmente, unha maior presión sobre as finanzas locais. Estudamos a situación por grupos de concellos, diferenciados en función da dinámica demográfica, nos exercicios 2001, 2010 e 2019. Os resultados sorprenden: o gasto por habitante presenta un crecemento superior alí onde a regresión demográfica é máis intensa, e acaba sendo substancialmente máis alto tanto nos gastos correntes como de capital e en practicamente todas as funcións. E non só pola evolución das transferencias, tamén pola converxencia moi intensa nos ingresos tributarios, sobre todo impositivos, o que parece indicar un cambio na cultura fiscal tradicional. Os concellos con regresión demográfica presentan mellores resultados e foron capaces de superar as dificultades establecendo maiores niveis de presión fiscal.

Palabras chave: Regresión demográfica; Finanzas locais.

Abstract

The demographic regression that affects Galicia, although somewhat unique, forms part of a more general picture, with varying economic and social consequences, among which may include greater pressure on local finances. We studied the situation by groups of municipalities, differentiated according to demographic dynamics, for the years 2001, 2010 and 2019. The results were surprising: spending per inhabitant showed higher growth where the demographic regression was more intense and it was substantially higher in both current and capital expenditures, in virtually all sectors. This was not only because of the evolution of transfers but also owing to the very intense convergence in tax revenues which seemed to indicate a change in the traditional fiscal culture. Municipalities with demographic regression presented better results and were able to overcome hurdles by establishing higher levels of tax pressure.

Keywords: Demographic regression; Local finances.

JEL: H71; H72; H77; J11.

1. INTRODUCCIÓN

Identifícanse en España 3.403 municipios en risco de despoboamento, o 42% do total, unha porcentaxe moi superior á da maioría dos países da Unión Europea, con excepción dalgúns nórdicos ([Banco de España, 2020](#)). A regresión demográfica, ao afectar ao tamaño humano do municipio, á composición por idades da súa poboación e á forma de ocupación do espazo, pode ter consecuencias sobre a saúde financeira da facenda dos concellos, porque modifica o perfil da demanda de servizos, aumenta o seu custo per cápita –con intensidade variable– ([Alloza et al., 2021](#)) e pode incidir sobre a capacidade financeira e sobre a percepción de transferencias (en función da normativa que as regula). Que sucede nas finanzas locais cando ten lugar un descenso persistente e marcado da poboación? Pretendemos responder esta pregunta utilizando o exemplo dos concellos galegos de menos de 20.000 habitantes.

O resto do artigo artículase da seguinte forma. Primeiro discutimos, a partir da literatura recente, os posibles efectos da regresión demográfica (dimensión municipal, densidade, estrutura de idades, forma da poboación) sobre o gasto por habitante dos concellos; nos ingresos analizamos, co mesmo criterio, as características das transferencias percibidas, tanto correntes como de capital, así como a evolución da capacidade tributaria. A continuación, describimos a regresión demográfica en Galicia, distinguindo tres grupos de concellos, de entre os de menos de 20 mil habitantes, en función do seu comportamento entre 2001 e 2019. Nunha nova sección avaliamos a pauta de cambio dos principais compoñentes do gasto, tanto na desagregación económica como funcional, e do ingreso, diferenciando neste caso entre as transferencias (correntes e de capital) e os ingresos propios de carácter tributario. Consideramos dous períodos, o de expansión económica (2001-2010) e o de crise con recuperación (2010-2019). Finalmente, explicamos e discutimos os resultados e propomos algunhas conclusións.

2. OS EFECTOS DA REGRESIÓN DEMOGRÁFICA SOBRE AS VARIABLES QUE INCIDEN NAS FINANZAS MUNICIPAIS

Distinguiremos entre os efectos sobre o gasto e sobre o ingreso.

2.1 Os efectos sobre o gasto

En primeiro lugar, a regresión demográfica reduce a base humana municipal. Como lle afecta ao gasto por habitante? Os efectos do tamaño sobre os custos per cápita dos servizos locais non son demasiado concluíntes. Nalgúns estudos, as economías de escala e as relacionadas coa densidade¹ non son moi relevantes, esgótanse con certa rapidez e existen fórmulas organizativas que permiten interiorizalas mesmo en xurisdicións de escasa poboación ([Gendzwill et al., 2020](#); [Gómez-Reino et al. 2021](#)). Serían máis fáciles de percibir cando a intensidade do capital é alta ([Bel & Fageda, 2006](#); [Bel, 2012](#); [Bel & Sebó, 2021](#); [Prieto, 2015](#); [Hortas-Rico & Salinas, 2014](#)), como sucede coa provisión de auga, a recollida de lixos e co transporte. Nos servizos intensivos en man de obra a identificación é máis complicada e

¹ En realidade, se tomamos como referencia o municipio e non o núcleo, esta variable ([Carruthers & Ulfarsson, 2003](#); [Hortas-Rico & Solé-Ollé, 2010](#)) non se diferencia da poboación, ao ser fixa a superficie e ao non alterarse o modo de ocupación do territorio ([Ahlfeldt & Pietrostefani, 2017](#); [Cheshire & Magrini, 2009](#); [Rosenthal & Strange 2001](#)).

o limiar de tamaño a partir do cal desaparecen tende a ser moi baixo. Hortas-Rico e Salinas (2014) só atopan significativas economías de escala na función de administración xeral ata os 20 mil habitantes.

Pola contra, [Bikker e van der Linde \(2016\)](#) e Ahlfeldt e Pietrostefani (2017) conclúen que é relevante o aforro de custos na provisión de bens e servizos locais.

Se a análise se efectúa por xurisdicións, no canto de por unidades de produción, aparece unha curva en U dos custos medios a longo prazo para a produción de servizos locais, en función da dimensión, situándose o punto mínimo nos 10 mil habitantes (Hortas-Rico & Ríos, 2018, 2020) ou mesmo por baixo (Piñero et al., 2021).

En segundo lugar, a regresión demográfica cambia a composición da demanda de servizos municipais. Se atendemos aos servizos de carácter obrigatorio nos concellos de menos de 20 mil habitantes, tan só os cemiterios parecen ter unha relación nítida coa estrutura por idades. Non obstante, na práctica os entes locais ocúpense da infraestrutura e organización de actividades deportivas (cunha demanda intensa nas idades temperás) ou da prestación de axudas sociais diversas con financiamento parcialmente externo (cunha demanda intensa en idades avanzadas).

En terceiro lugar, a desaparición dalgúns entes singulares de poboación terá un efecto positivo sobre os custos por habitante da prestación do servizo ao aumentar o grao de concentración e, por tanto, de densidade. Pola contra, nas entidades que permanecen dentro das áreas de regresión poboacional diminúe o número de habitantes, en proporcións diversas, cun incremento significativo dos custos por habitante nalgúns servizos, tanto de investimento, se hai oferta en rede ([Prieto et al., 2015](#)), como de custo operativo (educación ou servizos sociais, intensivos en persoal). A presión sobre os decisores municipais para unha centralización maior da oferta, cando iso é posible, é forte.

Por último, e en cuarto lugar, o axuste dalgúns factores de custo ás novas condicións demográficas pode ser imposible ou só parcialmente posible no curto ou medio prazo. Cae o volume de poboación pero non, na mesma medida, o gasto fixo en atender as súas necesidades, ben por motivos tecnolóxicos ou ben por motivos organizativos ou mesmo políticos (reducir o nivel de servizos é igual de difícil que axustar o salario nominal). Só con prestación coordinada ([Vaquero García, 2023](#)) este efecto sería irrelevante.

Da análise anterior dedúcese que o efecto da regresión poboacional sobre o custo por habitante dos servizos locais dependerá das súas características:

1. Naqueles servizos con custos fixos relevantes e prestación centralizada, como os de administración xeral, o custo per cápita ascenderá, pola importancia das deseconomías de escala.
2. Naqueles prestados directamente ás persoas e sen custos fixos relevantes (por exemplo, a axuda a domicilio), o custo per cápita non debería variar demasiado. Só a dificultade de actuar con flexibilidade, axustando recursos, provocará un ascenso temporal do custo efectivo por habitante.
3. Naqueles servizos ligados ao territorio (mantemento de vías públicas, auga e saneamento etc.), o custo absoluto apenas variará e, por tanto, en termos por habitante producirase un ascenso.

2.2 Os efectos sobre os ingresos

A regresión demográfica tamén incide sobre o perfil e o volume de ingresos a disposición dos concellos. Debemos distinguir entre os ingresos procedentes de transferencias e os que derivan de recursos en que os concellos dispoñen dalgunha capacidade normativa e de xestión. Os ingresos financeiros desempeñaron un papel moi secundario: partían de valores reducidos en 2001, para os concellos do noso ámbito de interese, e ademais reducen a súa presenza de forma marcada a partir da aprobación da Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (2012).

2.2.1 Transferencias

As transferencias regradas son a Participación en Ingresos do Estado (PIE), a Participación en Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) e os Plans Provinciais de Obras e Servizos. As transferencias non regradas, normalmente condicionadas, son negociadas por cada concello e son moi variables.

A PIE

Na PIE (Suárez & Pedraja, 2004; Pedraja & Suárez, 2008) todos os concellos que analizamos, dada a súa dimensión (por baixo de 20 mil habitantes), están encadrados no modelo de variables:

- O 75% dos recursos distribúense entre os concellos en función do número de habitantes, cun coeficiente que vai subindo conforme o fai a dimensión humana (Táboa 1).

Táboa 1. Coeficientes multiplicadores da variable *poboación* (75% do total)

DIMENSIÓN	COEFICIENTE
MENOS DE 5.000	1
DE 5.000 A 20.000	1,17
DE 20.000 A 50.000	1,3
MÁIS DE 50.000	1,4

Fonte: Ministerio de Facenda (2008).

- Ademais, un 12,5% do financiamento depende do inverso da capacidade tributaria, calculado como a relación entre a base imponible media do IBI por habitante e a do estrato en que se encadre (e multiplicado pola poboación). Se un concello ve caer a súa poboación a un ritmo superior ao do seu estrato, sen que suceda o mesmo coa base imponible do IBI, a súa capacidade tributaria per cápita aumentaría e o seu financiamento descendería. Non obstante, o contrario sucedería co esforzo fiscal, compensando aproximadamente os efectos.

Por tanto, a regresión demográfica ocasionaría un descenso do financiamento global proporcional á caída poboacional, e se o concello pasa a un grupo de dimensión inferior, o retroceso financeiro sería máis que proporcional.

A PICA en Galicia

A PICA en Galicia foi evolucionando no tempo, tanto no volume global de recursos para distribuír entre os concellos como nos criterios de distribución (ver Xunta de Galicia, distintos anos). Na [Táboa 2](#) podemos coñecer os criterios de asignación para o ano 2005 ([Decreto 5/2004, Xunta de Galicia, 2004](#)).

Táboa 2. Participación en ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia

CRITERIOS DE REPARTICIÓN: FONDO XERAL E FONDO ADICIONAL, 2002-2005				
A. FONDO XERAL: TODOS OS CONCELLOS				
	Poboación	Superficie	Núcleos	
1. DISTRIBUCIÓN ENTRE GRUPOS	76	15	9	
2. DISTRIBUCION INTERNA AO GRUPO				Esfuerzo fiscal (modulación)
MENOS DE 15 MIL HABITANTES	65	20	15	5
ENTRE 15.000 E 50.000 HABITANTES	76	15	9	5
MÁIS DE 50.000 HABITANTES	87	10	3	5
PORCENTAXES				
B. FONDO ADICIONAL				
	Cota fixa (Euros)			
ATA 2.000 HABITANTES	54.000			
ENTRE 2.000 E 5.000 HAB.	42.000			
ENTRE 5.000 E 10.000 HAB.	36.000			
ENTRE 10.000 E 14.999 HAB.	25.500			


Fonte: elaboración propia a partir do [Decreto 5/2004, Xunta de Galicia \(2004\)](#).

No ano 2006 introdúcese un fondo complementario ([Decreto 197/2006](#)), que alimenta o fondo xeral de cada grupo (un 50% aos de menos de 15.000 e un 25% aos limiares superiores), manténdose os criterios de repartición.

A partir de 2011 ([Lei 14/2010](#)) unifícanse os recursos nun fondo base que suporá unha porcentaxe da recadación autonómica nos capítulos I, II e III de ingresos, asignándolle a cada concello un coeficiente de participación específico que recolle as variables antes indicadas. En 2019 existen un fondo base, un fondo adicional (que condiciona a atribución de recursos a certas características específicas dos concellos) e un fondo complementario de carácter discrecional. No fondo adicional contéplase un subfondo para os concellos de menos de 15 mil habitantes, distribuído entre eles en función da poboación (55%), da poboación maior de 65 anos (10%), da superficie (15%) e dos núcleos (20%).

Interesa destacar que o conxunto das disposicións nesga a distribución en favor dos concellos máis pequenos, extensos e dispersos; e que, ao facer depender os recursos asignados de factores distintos ao poboacional, contribúe a que a caída nas transferencias recibidas sexa menos intensa que a regresión demográfica. Por esta vía, os concellos verán elevarse as súas transferencias correntes por habitante ao caer a súa dimensión humana (Figura 1).

Figura 1. O nesgo cara aos concellos pequenos da PICA. Ano 2005



Fonte: elaboración a partir das series de poboación do IGE para o ano 2005; e da Lei de orzamentos do ano 2005, Xunta de Galicia.

Plans Provinciais de Obras e Servizos

Os Plans Provinciais de Obras e Servizos instrumentan a cooperación das deputacións provinciais cos concellos. Hai unha gran distancia no volume de fondos e nos criterios de repartición por provincia, como comprobamos na Táboa 3. O importe medio recibido por ano e concello por esta vía é case cinco veces superior na Coruña que en Ourense (Consello de Contas, 2021) entre 2003 e 2018; pero na primeira provincia os recursos asignados ao POS multiplícanse por cinco en 2017. Ao mesmo tempo, nos criterios de repartición obsérvase que en Ourense prevalece o sistema de cota fixa (un tanto alzado por concello), mentres que no resto se utiliza un elenco de variables cambiantes ao longo dos anos: aparecen a poboación e a superficie, pero complementáanse co número de parroquias (ou de núcleos de poboación), co índice de envellecemento, co esforzo fiscal ou cunha cantidade fixa por municipio.

Táboa 3. Criterio de asignación de recursos nos plans provinciais, 2003-2018

	A CORUÑA		LUGO	
	2004-2007	2008-2016	2008-2016	2017-2018
COTA FIXA	10,00 %			

	A CORUÑA		LUGO	
	2004-2007	2008-2016	2017-2018	
ESFORZO FISCAL	5,00 %		15,00 %	
Núm. PARROQUIAS	15,00 %			
POBOACIÓN	35,00 %	33,30 %	40,00 %	40,00 %
SUPERFICIE	35,00 %	33,00 %	20,00 %	20,00 %
NÚCLEOS		33,00 %	25,00 %	25,00 %
ENVELLECIMENTO				15,00 %

	OURENSE		PONTEVEDRA	
	2003-2006	2007-2018	2003-2012	2012- 2015
COTA FIXA	SI	SI: IDÉNTICA	SI	SI
ESFORZO FISCAL				
Núm. PARROQUIAS				
POBOACIÓN	SI		60,00 %	60,00 %
SUPERFICIE			40,00 %	40,00 %
NÚCLEOS				
ENVELLECIMENTO				
CONCESIÓN DIRECTA				20,00 %

Fonte: elaboración a partir dos volumes 1, 2, 3 e 4 do [Consello de Contas \(2021\)](#).

En xeral, os concellos de menor dimensión humana son os máis favorecidos. De media, os concellos de menos de 5 mil habitantes reciben case 30 veces máis recursos per cápita que os de máis de 50 mil habitantes. Ademais, ao introducir nos criterios de distribución algún elemento fixo ou de escasa variabilidade ao longo do tempo (cota única, superficie, número de parroquias, número de núcleos), ou que progresa coa regresión demográfica (indicador de envellecemento), a caída poboacional ocasiona un efecto automático de elevación das transferencias por habitante.

Táboa 4. Plan provincial de obras e servizos. Importe medio recibido, 2003-2018

	TAMAÑO DO CONCELLO				
	MENOS 5 MIL	5 a 20 MIL	20 a 50 MIL	+50 MIL	TOTAL
A CORUÑA	76,99	38,18	20,76	2,93	8,68
LUGO	26,91	8,42		1,42	2,30
OURENSE	23,15	5,50		0,09	1,80
PONTEVEDRA	41,30	34,92	21,77	0,06	6,13

TAMAÑO DO CONCELLO					
	MENOS 5 MIL	5 a 20 MIL	20 a 50 MIL	+50 MIL	TOTAL
TOTAL	40,92	29,88	21,20	1,40	5,84

Notaimporte medio, por ano e habitante, en euros.

Fonte: elaboración a partir dos volumes 1, 2, 3 e 4 do [Consello de Contas \(2021\)](#).

A partir da [Táboa 4](#), pode derivarse a conclusión xeral é que as transferencias regradas terán un efecto favorable sobre o financiamento por habitante durante o proceso de regresión demográfica, grazas ao deseño dos criterios de distribución da participación en ingresos da Comunidade Autónoma (transferencias correntes) e da participación nos Plans Provinciais (transferencias de capital).

2.2.2 Ingresos propios de carácter público

Para avaliar o efecto da regresión demográfica interésanos coñecer a súa incidencia na evolución da base fiscal municipal, deixando a un lado o esforzo fiscal (ver Cordeiro Ferrera et al., 2008) e o da acción doutras administracións que tamén lle afectan ao conxunto do proceso: o Catastro Inmobiliario, os cambios normativos de rango superior ou a acción das deputacións provinciais cando a recadación tributaria foi delegada nelas.

Nos ingresos tributarios ligados preferentemente á actividade das persoas e das empresas (IAE, IVTM, ICIO, taxas e prezos públicos), a regresión demográfica debería ter un efecto limitado. O envellecemento, a menor taxa de ocupación ou a redución do número de familias poderían compensarse con outros factores (persistencia dos negocios ou da posesión de automóbiles, maior necesidade do transporte privado etc.) sen unha conclusión clara.

Outra parte dos ingresos teñen a súa base fiscal ligada ao capital inmobiliario acumulado previamente (IBI, IVTNU) ([Vaqueiro & Santirso, 2023](#)). O valor catastral e o número de transaccións inmobiliarias deberían a longo prazo evolucionar de forma máis moderada que nos concellos expansivos, pero posiblemente mostren un retardo temporal considerable en relación coa caída da poboación. Durante un período de transición os ingresos per cápita por ambos os impostos poderían mostrar tendencia ao incremento nos concellos con regresión demográfica, sempre que o ritmo de descenso do valor catastral ou das transaccións fose inferior ao da caída da poboación.

3. A REGRESIÓN DEMOGRÁFICA EN GALICIA

Nos últimos vinte anos perderon poboación en Galicia o 82,5% dos concellos de menos de 20.000 habitantes², que en 2001 concentraban un non desprezable 63% da poboación no 87,6% do territorio. Na [Táboa 5](#) vemos o comportamento agregado dos tres grupos en que dividimos os concellos. Mentres que máis da metade dos municipios (158) (grupo de regresión forte) experimenta unha caída media do 29,3%, só 54 gañan poboación (grupo de expansión).

² Incorporamos tamén aqueles 10 concellos para os que non temos datos fiscais e que despois eliminamos da poboación obxectivo.

Táboa 5. Dimensión humana dos concellos e variación (2001-2019)

	2001	2019	2001 a 2019 (%)
GALICIA (Incluídos + 20 mil)	8.731,39	8.624,60	-1,22
GRUPO 1, regresión forte	2.801,18	1.980,61	-29,29
GRUPO 2, regresión moderada	5.734,24	5.142,54	-10,32
GRUPO 3, expansión	9.910,46	11.475,00	15,79
MENOS DE 20 MIL	4.925,03	4.606,38	-6,47

Notamedia de número de habitantes e porcentaxe de variación.

Fonte: elaboración a partir das series históricas de poboación do IGE.

A regresión demográfica provoca un incremento moi acusado do envellecemento (Táboa 6). No conxunto de Galicia a poboación de máis de 64 anos pasa de representar o 31,3% da poboación en idade activa en 2001 a ser o 40,5% en 2019. Non obstante, nos concellos de maior regresión poboacional o índice alcanza un valor moi superior (77,2%). En conxunto, a correlación entre o descenso demográfico nas dúas últimas décadas e o nivel actual de envellecemento é moi alta (0,85 para todos os concellos).

Táboa 6. Efectos da regresión demográfica

	1 POB. + DE 64		2. ENTIDADES		3. RENDA BRUTA DISPOÑIBLE PC		
	2001	2019	Habitantes/entidade	Entidad/ KM ²	Persoas	%	
	2001	2019			2001	2019	CAMBIO
GALICIA	31,36	40,53	88,95	1,03	13.880,60	16.007,00	15,32
GRUPO 1	61,33	77,20	36,01	0,90	10.824,50	11.836,16	9,85
GRUPO 2	41,05	50,97	108,33	1,41	11.637,53	13.653,91	17,78
GRUPO 3	28,80	35,28	347,05	1,57	13.044,81	15.197,19	16,72
MÁS 20 MIL	24,80	34,83	715,45	1,47	14.436,09	16.508,32	14,71

Nota 1 Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade, porcentaxe sobre a poboación de 16 a 64 anos Nota 2 Territorio e medio. Outra información do territorio Nota 3 Renda dispoñible bruta por habitante e concellos (revisión estatística 2019, serie 2000-2020).

Fonte: elaboración a partir do IGE.

A regresión demográfica en Galicia é especialmente singular porque a ocupación do territorio presenta unha dispersión esencial, cunha proporción moi elevada dos núcleos de poboación de España. Na actualidade as entidades singulares de poboación existentes en Galicia son aproximadamente o 50% do total español, polo que hai unha entidade singular por cada quilómetro cadrado, mentres que en España se precisa unha superficie oito veces maior. A ocupación do espazo é moito máis difusa, con núcleos máis pequenos. O número medio de habitantes por entidade singular en España multiplica por 8,5 o dato de Galicia. Pero naqueles concellos de máis intensa regresión poboacional, este valor é do 40% da media galega.

En Galicia o número de entidades con menos de 100 habitantes, que xa eran unha proporción elevada do total de España, increméntase de forma significativa en termos absolutos neste período, mentres diminúen as entidades con entre 100 e 1.000 habitantes³. Esas entidades de moi reducida poboación (< 100 habitantes) significan o 58% do total español (Táboa 7).

Táboa 7. Entidades singulares de poboación en 2019 por tamaño


	CAMBIO		% SOBRE
	GALICIA	2001 A 2019	ESPAÑA EN 2019
Ata 100 habitantes	27606	935	58,44
101 a 500 habitantes	2343	-578	26,94
501 a 1.000 habitantes	196	-11	10,08
1.001 a 2.000 habitantes	86	2	6,27
2.001 a 5.000 habitantes	70	13	5,52
5.001 a 10.000 habitantes	25	2	4,05
10.001 a 20.000 habitantes	13	6	3,67
RESTO	8	1	2,41
TOTAL	30347	370	49,09

Fonte: elaboración a partir do IGE.

Por último, os municipios que sofren unha maior regresión demográfica teñen menores niveis medios de renda primaria e de renda dispoñible bruta por habitante. Se consideramos tamén os concellos de máis de 20 mil habitantes, a relación mantense. Esta consideración vale para o ano inicial e o ano final do período. Con todo, non parece existir unha correlación significativa entre caída poboacional e renda primaria ou dispoñible per cápita. O máximo incremento en ambas durante o período 2001-2019 ten lugar no grupo de concellos de regresión poboacional moderada.

³ Non puidemos obter estes datos por concello, o que impide efectuar unha aproximación en termos de regresión demográfica.

Figura 2. Cambio RDB e poboación, período 2001-2019



Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

4. OS RESULTADOS NAS FINANZAS MUNICIPAIS

No período 2001-2019 terá lugar unha expansión moi acusada do gasto municipal por habitante, máis acusada canto maior foi a regresión demográfica. Os concellos con maior caída da poboación acabaron por superar os demais en ingresos e gastos per cápita debido non só ás transferencias que recibiron, senón tamén ao seu comportamento tributario. Diferenciaremos entre gastos, ingresos e resultados, cunha análise por grupos de concellos xa antes indicados. A nosa principal preocupación será coñecer o sucedido ás finanzas municipais dos municipios con regresión poboacional. Partiremos da análise da situación no ano 2001, recollendo a clasificación económica e funcional, para efectuar despois unha comparación cos exercicios 2010 e 2019. Recollemos a intensidade da crise económica aberta en 2008, aínda que trasladando dous exercicios o ano de referencia polo atraso que se produce nas liquidacións ás facendas territorializadas.

4.1 A SITUACIÓN DE PARTIDA NO ANO 2001⁴

O nivel de ingresos e gastos agregados dos distintos grupos de concellos é moi similar en termos per cápita, aínda que cunha lixeira vantaxe para os grupos máis dinámicos ou menos regresivos. Con todo, as diferenzas son moi notables en canto á composición dos ingresos e dos gastos.

O grupo de concellos de regresión forte ou moderada presenta un nivel inferior de ingresos tributarios (sobre todo en impostos indirectos e en taxas e outros ingresos) e de pasivos financeiros, mentres que o contrario sucede coas transferencias correntes e, aínda en maior medida, coas de capital. [Álvarez Corbacho \(1995\)](#) xa advertira hai anos do raquitismo orzamentario dos municipios non urbanos, ocasionado pola renuncia a aplicar

⁴ Para os datos desagregados por capítulo ou función, ano e grupos de concellos, podemos ver as táboas do [Anexo 1](#), do [Anexo 2](#) e do [Anexo 3](#).

maiores tributos por parte dos gobernos municipais, e vinculáboo “á resistencia fiscal dos contribuíntes, ao custo político-electoral e ao armazón institucional de dependencias financeiras” (1995, 93). Esta pauta confírmase se, no canto da dimensión municipal, utilizamos a evolución da poboación –pois ambos os indicadores van moi ligados, como vimos–. Canto máis dinámicos (e de maior tamaño), os concellos presentan un maior nivel de autonomía tributaria e unha menor dependencia das transferencias externas.

Tamén a composición do gasto é diferente. A regresión demográfica está asociada cun menor gasto corrente (nos capítulos de persoal, bens e servizos correntes ou gastos financeiros) e cun maior gasto de capital, ambos en termos per cápita.

Ao ter en conta a desagregación funcional⁵, apreciamos de novo notables diverxencias entre grupos. Os concellos máis regresivos mostran un gasto por habitante superior nos servizos de carácter xeral, que é o ámbito en que máis poden xogar as deseconomías de escala, e na produción de bens públicos de carácter económico, que concentra o investimento público. En cambio, nas restantes funcións relevantes (produción de bens públicos de carácter social, regulación económica (xeral ou de sectores produtivos) e protección civil e seguridade cidadá) sucede o contrario.

4.2 O CAMBIO PRODUCIDO ATA 2019

A intensidade da crise desatada en 2008 obriga a distinguir dúas fases: 2001-2010 e 2010-2019. Na primeira, a expansión de ingresos e gastos é notable e xeral. De media, os ingresos por habitante aumentan un 38,7% (e os gastos lixeiramente por encima). Neste comportamento participan tanto os ingresos tributarios (impostos directos e taxas e outros ingresos, non os impostos indirectos) como as transferencias correntes e de capital. A boa marcha da situación económica xeral ata 2008 trasládase ás facendas públicas.

Se usamos o valor absoluto (non por habitante) dos dereitos liquidados (Anexo 4), observamos que esta pauta é común a todos os grupos de concellos que distinguimos, aínda que con intensidades diversas e algunhas peculiaridades. A máis rechamante é que as transferencias de capital (ingresos) creceron moito máis nos concellos urbanos e naqueles de menos de 20 mil habitantes que manteñen unha demográfica expansiva (ou menos regresiva).

En valores per cápita destacamos que os concellos de regresión intensa alcanzaron os urbanos en ingresos e superaron xa os outros dous grupos. E iso débese tanto á subida dos impostos directos (que crecen un 47,7% fronte ao 26,5% da media galega) como das transferencias correntes (cun crecemento diferencial positivo moi forte, en termos por habitante, en relación coa media), e a pesar dunha moderada converxencia dos valores das transferencias de capital recibidas por habitante: os concellos de regresión intensa manteñen uns ingresos por transferencias de capital máis altos por habitante, pero as diferenzas acurtáronse sensiblemente. Este elevado volume de ingresos por habitante reforza sobre todo os gastos correntes non financeiros (persoal e bens e servizos) e xera un aforro corrente superior, que non só impulsa os investimentos reais senón que tamén reduce o gasto financeiro.

No segundo período (2010-2019) prodúcese un intenso axuste nunha primeira fase (2010-2015), debido sobre todo á caída dos ingresos por transferencias (en conxunto pasan de 528 euros por habitante en 2010 a 366 en 2015, en valores constantes de 2019), moi

⁵ Entre o ano inicial e o final modifícase de forma substancial a clasificación funcional, o que dificultará a comparación inter-temporal.

singularmente ás de capital; na segunda fase (2015-2019) a recuperación dos ingresos por habitante é moderada e desigual: nula para os concellos urbanos, mínima para os concellos de maior dinamismo poboacional e, en cambio, moi marcada para os concellos de maior regresión demográfica, que superan con fartura os valores máximos do período de auxe anterior.

Neste último grupo de concellos, a expansión do ingreso por habitante é debida tanto ao bo comportamento dos ingresos tributarios como das transferencias, singularmente as correntes.

Todos os grupos de concellos viron, en termos per cápita, incrementarse os gastos correntes en bens e servizos e descender os gastos de capital e financeiros. O que singulariza aos do grupo de regresión forte é que o gasto en persoal tamén aumenta e que a caída dos investimentos reais é moderada.

Se atendemos ao gasto funcional, observamos que o contraste entre o comportamento dos concellos dese grupo e o do resto é moi marcado. Os primeiros reforzan moito máis os servizos públicos básicos, as actuacións de protección e promoción social e as actuacións de carácter xeral, e reducen moito menos as actuacións de carácter económico.

Podemos resumir os principais trazos do período 2001-2019 por grupos de concellos en:

1. Ten lugar un incremento moi notable do gasto por habitante (de media multiplícase por 2, en euros constantes), que é máis acusado conforme a regresión demográfica é máis intensa.
2. En volume absoluto e moeda constante, o gasto agregado por grupos de concellos compórtase de forma moi parecida en todos os estratos, multiplicándose por entre 1,85 e 1,95 entre os dous exercicios. É a evolución demográfica diverxente a que marca as diferenzas. Como consecuencia, o gasto total per cápita é agora substancialmente máis alto nos concellos do grupo de municipios de regresión forte que nos do grupo de municipios con progresión demográfica ou nos municipios urbanos.
3. Ao final do período, tanto os gastos correntes (persoal e bens e servizos ordinarios) como os gastos de capital son superiores nos concellos do grupo de municipios de regresión forte en termos por habitante. Neste último caso xa sucedía no ano inicial, pero as diferenzas agudizáronse: os gastos de capital por habitante dos concellos dese grupo multiplican por 2 os do grupo de municipios con progresión demográfica e por máis de 3 os valores dos municipios urbanos. Nos gastos correntes a distancia é menor, aínda que destaca a progresión experimentada nestes anos.
Os gastos de persoal creceran a un ritmo elevado na primeira década do século, alimentados por uns ingresos á alza en todos os grupos; o mesmo sucedera cos gastos correntes, nun contexto de expansión xeral da actividade municipal. Co investimento do ciclo económico e coa introdución a partir de 2010 dunha taxa de reposición do persoal moi inferior en todos os exercicios ao 100%, prodúcese unha desviación do gasto cara ao capítulo II en detrimento do capítulo I. E só no grupo de regresión forte o gasto de persoal progresa de forma significativa na última década.
4. O grupo de municipios de regresión forte mostra un nivel de gasto superior en todas as funcións, excepto na de débeda pública (de nivel moi baixo) e na de

producción de bens públicos de carácter preferente. A diferenza é moi acusada nas actuacións de carácter económico e, en menor medida, nas actividades de carácter xeral e nas actividades de protección e protección social. As actuacións de carácter económico inclúen os investimentos, onde a vantaxe do grupo de concellos de regresión intensa é moi grande.

5. Nos ingresos por habitante mantense a diferenza en favor do grupo de municipios con regresión forte nas transferencias (sobre todo as de capital), co grupo de municipios de regresión moderada nun lugar intermedio: as diferenzas por habitante nas transferencias explican a diferenza total nos ingresos per cápita. Os ingresos por transferencias mostran un ascenso moi notable na primeira década do século, unha forte caída posterior e unha recuperación a partir de mediados da segunda década. O axuste das transferencias foi máis marcado nos concellos de menor dimensión, posiblemente porque dependían en maior medida das decisións discrecionais dos gobernos, que vían esborrallarse os seus ingresos correntes.
6. Ten lugar unha converxencia moi notable nos ingresos tributarios propios, sobre todo nos impostos, directos e indirectos, entre grupos de concellos. Discutiremos a continuación que elementos teñen a principal responsabilidade neste resultado.
7. O recurso aos pasivos financeiros estivo moi restrinxido a partir de 2009, por factores normativos e de mercado, e o uso dos remanentes de libre disposición orientado cara á redución do nivel de débeda. O resultado non financeiro e orzamentario é mellor nos grupos de regresión poboacional e o aforro corrente é moi superior no grupo de municipios de regresión forte fronte ao do grupo de municipios con progresión (aínda que non ao dos municipios urbanos). Nestes anos, o financiamento de gastos de capital con recursos propios non financeiros é maior nos concellos sometidos a unha maior regresión poboacional do que en calquera outro grupo.

5. EXPLICACIÓN DOS RESULTADOS

Os xestores municipais tenden a manter o crecemento do gasto nominal a un ritmo que lles permita manter, polo menos, a súa capacidade real de gasto, afrontando por tanto os incrementos no custo nominal dos servizos xa existentes. Esta estratexia “conservadora” reduce os custos políticos derivados do axuste de servizos (en primeiro lugar, cos traballadores municipais que puidesen verse afectados e, en segundo lugar, cos votantes das súas xurisdicións) e maximiza as posibilidades de reelección (coa excepción da necesidade de financeira). A variación da poboación apenas inflúe no incremento (ou redución) do gasto total (ver [Anexo 4](#)), pero presenta unha correlación notable (invertida) cos cambios no nivel de gasto por habitante ([Táboa 8](#)).

Táboa 8. Correlacións do cambio na poboación con diversas variables de ingresos e gastos

A) O CAMBIO NOS INGRESOS POR HABITANTE, POR CAPÍTULOS ORZAMENTARIOS					
	Impostos directos	Taxas e outros ingresos	Transferencias correntes	Transferencias de capital	Ingresos (total)
2001-2019	-0,43	-0,17	-0,49	-0,12	-0,49
2001-2010	-0,19	-0,07	-0,31	0,10	-0,24

A) O CAMBIO NOS INGRESOS POR HABITANTE, POR CAPÍTULOS ORZAMENTARIOS					
	Impostos directos	Taxas e outros ingresos	Transferencias correntes	Transferencias de capital	Ingresos (total)
2010-2019	-0,16	-0,28	-0,32	-0,29	-0,48

B) O CAMBIO NOS GASTOS POR HABITANTE, POR CAPÍTULOS ORZAMENTARIOS				
	Gastos de persoal	Gastos en bens ctes. e servizos	Investimentos reais	Gastos (total)
2001-2019	-0,48	-0,35	-0,10	-0,43
2001-2010	-0,32	-0,21	-0,06	-0,24
2010-2019	-0,46	-0,30	-0,23	-0,45

Fonte: elaboración propia a partir do Ministerio de Facenda, liquidacións dos orzamentos das entidades locais, 2001, 2010, 2019.

Unha parte das diferenzas pode ser achacable a que as competencias crecen co tamaño do municipio, pero tamén ás deseconomías de escala (servizos de carácter xeral) e a que as funcións de gasto están ligadas tanto ao territorio (bens públicos de carácter económico) como ás persoas. Outra explicación complementaria indicaría un sólido efecto *fly-paper* (as transferencias gobernamentais a xurisdicións inferiores provocan un aumento desproporcionado do gasto con respecto a outras formas de ingreso) (Oates, 1979), reforzado pola condicionalidade das transferencias e pola necesidade dun aforro corrente e dun volume de pasivos financeiros menor nos municipios pequenos e máis regresivos, o que permite reducir o esforzo fiscal axustando os ingresos tributarios.

De feito, o aforro corrente é inferior no grupo de municipios de regresión forte, elevando a dependencia da súa actividade investidora das transferencias de capital. Non obstante, isto non compromete o resultado non financeiro ou orzamentario (Táboa 9).

Táboa 9. Resultados por grupos de concellos. Datos por habitante, euros de 2019

	AFORRO CORRENTE	GCAP-TCAP	RESULTADO	
			NON FINANCEIRO	ORZAMENTARIO
GRUPO 1, regresión forte				
2001	41,89	30,59	12,59	13,21
2010	67,41	64,85	10,05	13,71
2019	127,87	93,64	36,03	29,20
GRUPO 2, regresión moderada				
2001	61,25	70,75	-5,08	5,28
2010	51,11	62,34	-9,11	-18,29
2019	110,79	79,23	31,99	35,58
GRUPO 3, expansión				
2001	61,48	85,30	-7,52	0,34
2010	57,81	45,11	15,35	13,79
2019	92,72	88,95	5,80	-3,28
GRUPO 4, máis de 20 mil habitantes				
2001	111,45	102,76	22,76	25,17
2010	95,09	84,60	14,37	18,70

	AFORRO CORRENTE	GCAP-TCAP	RESULTADO	
			NON FINANCEIRO	ORZAMENTARIO
2019	138,07	69,84	68,98	51,18

NotaGCAP, gastos de capital; TCAP, transferencias de capital.

Fonte: elaboración propia a partir do Ministerio de Facenda, liquidacións dos orzamentos das entidades locais, 2001, 2010, 2019.

A estratexia conservadora ten dúas consecuencias. A primeira, permítelles aos concellos absorber sen grandes dificultades os incrementos de custos por habitante dalgúns servizos asociados co retroceso da poboación. Simplemente, ignora este retroceso e tende a operar coma se non tivese lugar, procurando manter o mesmo nivel absoluto de servizos.

A segunda, coloca nun plano secundario os axustes necesarios para afrontar os cambios, tanto na dimensión poboacional coma no perfil da demanda de servizos como consecuencia das variacións das características dos habitantes da xurisdición. Non é que os cambios non teñan lugar, é que son filtrados a través dunha disposición de recursos que os mitiga.

Se esta estratexia dependese do esforzo tributario da poboación residente, o xogo político poríalle un límite a través do proceso democrático. A estratexia “conservadora autónoma” ten aquí o seu principal risco.

Vemos que é o cambio en valores por habitante no gasto corrente (en persoal ou en bens e servizos correntes) o que mellor se correlaciona co cambio na poboación.

Cando esta estratexia conservadora está baseada nas transferencias externas, xera debilidades e dependencias na relación vertical dos concellos coas administracións de nivel superior, pero reduce os riscos políticos internos. A estratexia “conservadora dependente” sería un óptimo, desde a perspectiva dos gobernos locais, se existisen garantías de estabilidade no financiamento.

Os concellos que experimentaron a maior regresión demográfica conseguiron, de media, resultados orzamentarios mellores que os que viron incrementar a poboación sen facer uso da débeda como un factor de financiamento⁶; ou polo menos non viron deteriorarse a súa situación pola redución da base poboacional. Isto significa que foron capaces de incrementar os seus ingresos a un ritmo, polo menos, similar ao dos gastos neste período. Como é posible.

1. A estratexia “conservadora dependente” funcionou de forma intensa. Os cambios nos ingresos por transferencia corrente por habitante relaciónanse inversamente coa dinámica demográfica (o valor do coeficiente de correlación é de -0,49). Dada a análise normativa que efectuamos, son as transferencias derivadas das participacións en ingresos da Comunidade Autónoma e outras participacións condicionadas coa mesmo orixe (singularmente as relacionadas coa prestación dos servizos sociais) as principais responsables deste resultado.
2. Non sucede o mesmo coas transferencias de capital. Estes ingresos son maiores para os concellos pequenos, que son os que máis experimentaron a caída da poboación, como xa o eran ao comezo do período. Con todo, a súa evolución

⁶ Desde a aprobación da Lei de estabilidade orzamentaria (2012), os concellos tiveron que afrontar fortes restricións ao endebedamento cun control severo, e deberon destinar os remanentes de libre disposición a reducir os seus pasivos financeiros.

non mostra unha relación significativa cos cambios na poboación (coeficiente de correlación de -0,12); é máis, no período expansivo o seu valor é positivo, e só durante a fase de axuste e recuperación mostra valores negativos significativos.

3. Os concellos con regresión poboacional souberon tamén seguir a estratexia “conservadora autónoma”. O mellor candidato para cumprir esta función dentro dos impostos é o imposto de bens inmobles (IBI)⁷, tanto pola súa porcentaxe de participación no conxunto dos ingresos como polas súas características. Ademais, a correlación (inversa) da evolución da poboación cos ingresos por habitante derivados da imposición directa (capítulo I de ingresos) é forte (o valor do coeficiente de correlación é de -0,49), a diferenza do que sucede cos ingresos do capítulo III (taxas e outros ingresos), con valores máis baixos (Táboa 10).

No IBI hai varios axentes e fenómenos que inflúen nesta evolución positiva dos ingresos tributarios para os concellos con regresión demográfica:

Táboa 10. Correlación entre o cambio demográfico e variables catastrais

	PERÍODO DO CAMBIO POBOACIONAL		
	2001-2022	2001-2011	2011-2022
VALOR CATASTRAL PER CÁPITA (PC)	-0,36	0,05	-0,44
VALOR CATASTRAL DA CONST. PC	-0,45	-0,03	-0,46
VALOR CATASTRAL DO SOLO PC	-0,04	0,06	-0,04
VALOR CATASTRAL RESIDENCIAL PC	-0,46	-0,01	-0,45
VALOR CATASTRAL NON RESIDENCIAL PC	-0,09	0,12	-0,3
BENS INMOBLES PC	-0,29	-0,07	-0,27
VALOR MEDIO DOS BENS INM. PC	-0,16	0,14	-0,23
BENS INMOBLES RESIDENCIAIS PC	-0,6	-0,25	-0,39
VALOR MEDIO DOS INM. RESIDENCIAIS PC	-0,16	0,1	-0,24
BENS INMOBLES NON RESIDENCIAIS PC	-0,11	-0,02	-0,16
VALOR MEDIO BENS INM. NON RESIDENCIAIS PC	-0,03	0,19	-0,11
VALOR CATASTRAL	0,12	0,29	-0,22
VALOR CATASTRAL DA CONST	-0,19	0,14	-0,29
VALOR CATASTRAL DO SOLO	0,04	0,11	0
VALOR CATASTRAL RESIDENCIAL	0,1	0,29	-0,22
VALOR CATASTRAL NON RESIDENCIAL	0,16	0,22	-0,16

⁷ Os outros impostos son: entre os directos, o imposto de actividades económicas, o imposto de vehículos de tracción mecánica e o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana; indirecto, o imposto sobre construcións, instalacións e obras, de escasa contía.

	PERÍODO DO CAMBIO POBOACIONAL		
	2001-2022	2001-2011	2011-2022
ANOS DESDE A ÚLTIMA REVISIÓN	-0,24	-0,25	-0,25

Fonte: elaboración propia a partir do IGE (poboación) e do Ministerio de Facenda, Catastro Inmobiliario.

A) A dinámica do mercado, que operará con forza no medio e longo prazo: depreciación por deterioración daqueles inmobles deshabitados que tampouco funcionan como segundas residencias ou como lugares de negocio; incorporación de novas construcións a un ritmo menor que nos concellos dinámicos; evolución por baixo da media do valor de mercado do solo, pola caída en termos absolutos da demanda. Con valores planos ou en caída, a revisión do valor catastral é menos produtiva; a correlación entre o atraso na revisión catastral e a evolución demográfica ten o signo esperado (-0,24: a maior caída poboacional, maior atraso) para o período 2001-2022. Non obstante, chama a atención que, aínda que a relación entre evolución da poboación e valor catastral absoluto é positiva, o seu valor sexa pequeno e, sobre todo, inverta o seu signo para o período 2011-2011.

B) A acción pública, a diversos niveis: a inspección tributaria pode permitir incorporar construcións urbanas fóra de tributación, con efectos significativos para a base impositiva nalgúns concellos; a actuación sobre os tipos impositivos eleva a recadación, aínda que xere custos políticos –que poden en parte mitigarse como resultado das migracións previas, que reducen a porcentaxe dos inmobles propiedade de residentes sobre o total–. Con todo, non se aprecia unha relación significativa entre a regresión demográfica e o aumento de tipos: os tipos medios de IBI apenas aumentaron en Galicia entre 2007 e 2019, e a correlación dos incrementos coa evolución da capacidade tributaria é mínima ou nula.

O que tivo un efecto notable foi a intervención externa aos concellos sobre os elementos do IBI. Entre 2012 e 2013 ou entre 2014 e 2020 o Ministerio de Facenda introduce medidas extraordinarias sobre o valor catastral que elevan a recadación (e reducen o custo político directo sobre os xestores municipais). Sobre todo a partir de 2014, a introdución de coeficientes de actualización dos valores catastrais en función da antigüidade da aprobación do relatorio de valores vixente propiciou unha elevación substancial das bases tributarias naqueles municipios que foran menos dilixentes. Calculamos para Galicia que este procedemento foi utilizado en 358 ocasións, ás veces de forma repetida pola mesma institución⁸. O coeficiente de correlación entre a utilización deste procedemento e o atraso da revisión en 2015 ten un valor de 0,464. Estes coeficientes funcionaron cun gran rendemento como procedementos alternativos: no período 2011-2022 o valor medio dos bens inmobles por habitante correlaciónase inversamente coa evolución da poboación.

⁸ Aínda que cunha repercusión nos ingresos totais moi inferior, é rechamante o comportamento dos impostos indirectos municipais (ICIO) vinculados á actividade da construción.

6. CONCLUSIÓNS

Queda moito traballo por facer, a partir desta aproximación inicial, para coñecer os efectos da regresión demográfica sobre as finanzas municipais e a capacidade de adaptación da institución local a este proceso lento e persistente. Pero, en todo caso, o noso traballo permitiu rexistrar que:

- Os municipios con maior regresión demográfica tenderon a concentrar o aumento da súa capacidade de gasto nos capítulos de carácter corrente (tanto persoal como bens e servizos) e naquelas funcións con maiores rixideces (actuacións de carácter xeral, por exemplo). Convén analizar con máis detalle o efecto das transferencias condicionadas, singularmente en servizos sociais, pois parecen ser tamén un factor determinante da tendencia no gasto municipal por habitante ao longo do tempo.
- Nas dúas últimas décadas, en circunstancias económicas moi contrastadas (expansión derivada da burbulla inmobiliaria, crise ulterior e recuperación) os municipios galegos con maior caída poboacional puideron facerlles fronte ás consecuencias deste fenómeno e, en termos comparados, incrementar singularmente os seus gastos por habitante, grazas a unha sostida e intensa expansión dos seus ingresos per cápita (Táboa 11).

Táboa 11. Evolución dos ingresos por habitante, euros constantes de 2019

GRUPOS DE CONCELLOS					
1. INGRESOS TOTAIS	2001	2005	2010	2015	2019
TOTAL	728	842	1017	885	936
MÁIS DE 20 MIL (EN 2001)	796	914	1052	926	919
MENOS DE 20 MIL (EN 2001)	663	772	982	844	955
REGRESIÓN FORTE	630	748	1041	936	1168
REGRESIÓN MODERADA	660	746	1004	884	1004
EXPANSIÓN	691	809	933	771	824
2. INGRESOS TRIBUTARIOS	2001	2005	2010	2015	2019
TOTAL	346	427	436	487	507
MÁIS DE 20 MIL (EN 2001)	459	548	538	574	578
MENOS DE 20 MIL (EN 2001)	238	309	334	397	432
REGRESIÓN FORTE	156	204	254	330	410
REGRESIÓN MODERADA	240	298	343	427	466
EXPANSIÓN	299	387	374	412	420
3. INGRESO POR TRANSFERENCIAS	2001	2005	2010	2015	2019
TOTAL	321	355	528	366	408
MÁIS DE 20 MIL (EN 2001)	256	281	445	310	317

GRUPOS DE CONCELLOS					
MENOS DE 20 MIL (EN 2001)	384	427	610	423	503
REGRESIÓN FORTE	453	521	754	572	742
REGRESIÓN MODERADA	378	420	630	441	511
EXPANSIÓN	336	370	514	335	388

Fonte: elaboración propia a partir do Ministerio de Facenda, liquidacións dos orzamentos das entidades locais, 2001, 2005, 2020, 2015, 2019.

- Este resultado é o produto de dous factores:

a) O forte incremento das transferencias correntes, que duplican o seu importe por habitante nos municipios máis regresivos e explican aproximadamente a metade do incremento no financiamento per cápita neste grupo.

b) A intensa subida dos ingresos propios de carácter tributario, sobre todo entre 2010 e 2019, que nós exemplificamos no comportamento do IBI pero que afecta, en realidade, a todas as figuras. Este activismo fiscal municipal, directo (activación da incorporación de novos inmobles) ou indirecto (solicitándolle ao Ministerio de Facenda a actualización dos valores catastrais ou mellorando os padróns dos impostos), está sen dúbida ligado a condicións de necesidade (caída dos ingresos derivados da PIE e das transferencias de capital procedentes das Deputacións por mor da crise inmobiliaria), pero vai máis aló e indica un cambio na cultura fiscal tradicional, pois exerceuse en condicións moi diversas.

- A regresión demográfica vai continuar nos próximos lustros afectando segmentos relevantes do noso territorio, aínda que quizais con menor intensidade naquelas áreas que a experimentaron con maior forza nas décadas precedentes. A continuidade da estratexia adaptativa ten os seus límites: por unha banda, a vontade das administracións das que proceden as transferencias regulares diferentes da PIE en continuar non só destinando un volume de recursos crecente senón tamén nesgando a súa distribución en favor dos municipios máis pequenos (que son, de media, os que máis poboación perden); por outra, a posibilidade de seguir axustando o valor catastral do IBI (urbano) ou normalizando a aplicación dos instrumentos do sistema tributario local. No IBI, unha vez alcanzada a porcentaxe prevista sobre o valor de mercado e incorporados ao padrón os inmobles que quedaran á marxe, só a actuación sobre os tipos permitirá incrementar a recadación; o ICIO ou as taxas unicamente poden implantarse unha vez –despois hai que axustalas á evolución das magnitudes financeiras ou económicas–. Si é verdade, como indicamos antes, que houbo un cambio de cultura tributaria e os gobernantes municipais están en mellores condicións para axustar o seu perfil e nivel de ingresos ás preferencias de gasto da súa poboación.

De forma complementaria, sería conveniente incrementar a autonomía municipal, polo menos en dous sentidos:

- Reducindo o nivel de condicionalidade dalgunhas transferencias. Singularmente, as transferencias de capital. Representaban en 2019 aproximadamente o 20% dos ingresos totais nos municipios do grupo 1, pero estiveran entre o 20 e o 30% para os municipios dos grupos 1, 2 e 3 en 2010. Porén, o que parecen necesitar estes concellos é elevar

o gasto corrente e, en todo caso, o feito de que poidan decidir con autonomía podería axustar mellor o gasto ás preferencias sociais.

- Modificando a asignación dalgunhas transferencias condicionadas correntes. Habitualmente teñen dúas características: a súa aprobación anual e o cofinanciamento. Ambas reducen a autonomía municipal e poden afastarnos da necesaria eficiencia.

Sen dúbida, tamén serán necesarios, nun horizonte medio ou longo, axustes no gasto para adaptarse a unha situación de perda continuada de poboación. E os mecanismos de cooperación intermunicipal son unha ferramenta válida para afrontar este escenario.

Referencias

- Ahlfeldt, G. M., & Pietrostefani, E. (2019). The economic effects of density: A synthesis. *Journal of Urban Economics*, 111, 93-107. <https://doi.org/10.1016/j.jue.2019.04.006>
- Alloza, M., González Díez, V., Moral-Benito, E., & Tello-Casas, P. (2021). *El acceso a servicios en la España rural*. <https://repositorio.bde.es/handle/123456789/17531>
- Álvarez Corbacho, X. (1995). *La agonía del municipalismo gallego*. Fundación Caixa Galicia.
- Banco de España. (2021). La distribución espacial de la población en España y sus implicaciones económicas. En Banco de España (Ed.), *Informe Anual 2020* (pp. 269-318). Banco de España. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7915008>
- Bel, G. (2013). Local government size and efficiency in capital-intensive services: What evidence is there of economies of scale, density and scope? *Chapters*, 148-170.
- Bel, G., & Fageda, X. (2006). Between privatization and intermunicipal cooperation: Small municipalities, scale economies and transaction costs. *Urban Public Economics Review*, 6, 13-31.
- Bel, G., & Sebó, M. (2021). Does Inter-Municipal Cooperation Really Reduce Delivery Costs? An Empirical Evaluation of the Role of Scale Economies, Transaction Costs, and Governance Arrangements. *Urban Affairs Review*, 57(1), 153-188. <https://doi.org/10.1177/1078087419839492>
- Bikker, J., & van der Linde, D. (2016). Scale economies in local public administration. *Local Government Studies*, 42(3), 441-463. <https://doi.org/10.1080/03003930.2016.1146139>
- Campos, J. M. P., López, C. P., Yoldi, J. C., Campos, J. M. P., López, C. P., & Yoldi, J. C. (2021). Tamaño óptimo de los municipios españoles calculado a través del coste efectivo de los servicios. *Papeles de trabajo del Instituto de Estudios Fiscales. Serie economía*, 1, 1-48.
- Carruthers, J. I., & Ulfarsson, G. F. (2003). Urban Sprawl and the Cost of Public Services. *Environment and Planning B: Planning and Design*, 30(4), 503-522. <https://doi.org/10.1068/b12847>
- Cheshire, P., & Magrini, S. (2008). *Urban Growth Drivers and Spatial Inequalities: Europe - a case with geographically sticky people* (Working Paper 2008_32). Department of Economics, University of Venice «Ca' Foscari». https://econpapers.repec.org/paper/venwpaper/2008_5f32.htm

- Consello de Contas de Galicia (2021). *Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provincias e a eficiencia do gasto da Deputación da Coruña. Lexislaturas 2003-2019.*
- Consello de Contas de Galicia (2021). *Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provincias e a eficiencia do gasto da Deputación de Lugo. Lexislaturas 2003-2019.*
- Consello de Contas de Galicia (2021). *Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provincias e a eficiencia do gasto da Deputación de Ourense. Lexislaturas 2003-2019.*
- Consello de Contas de Galicia (2021). *Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provincias e a eficiencia do gasto da Deputación de Pontevedra. Lexislaturas 2003-2019.*
- Decreto 5/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Fondo de Cooperación Local durante o período 2002-2004. *Diario Oficial de Galicia*, 11, de 19 de enero de 2004. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2004/20040119/Anuncio1B2E_gl.html
- Decreto 197/2006, do 19 de outubro, polo que se regula a distribución do fondo complementario do fondo de cooperación local para o ano 2006. *Diario Oficial de Galicia*, 216, de 9 de noviembre de 2006. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2006/20061109/Anuncio21152_gl.html
- Fernández Llera, R., Hoz, A., Pandiello, J., Navarro Ruiz, C., Ferrera, J., & Chaparro, F. (2008). *El esfuerzo fiscal de los municipios españoles*. Instituto de Estudios Fiscales.
- Gendźwiłł, A., Kurniewicz, A., & Swianiewicz, P. (2021). The impact of municipal territorial reforms on the economic performance of local governments. A systematic review of quasi-experimental studies. *Space and Polity*, 25(1), 37-56. <https://doi.org/10.1080/13562576.2020.1747420>
- Gómez-Reino, J. L., Lago-Peñas, S., & Martínez-Vázquez, J. (2023). Evidence on economies of scale in local public service provision: A meta-analysis. *Journal of Regional Science*, 63(4), 793-819. <https://doi.org/10.1111/jors.12640>
- Hortas-Rico, M., & Rios, V. (2020). Is there an optimal size for local governments? A spatial panel data model approach. *Regional Studies*, 54(7), 958-973. <https://doi.org/10.1080/00343404.2019.1648786>
- Hortas-Rico, M., & Solé-Ollé, A. (2010). Does Urban Sprawl Increase the Costs of Providing Local Public Services? Evidence from Spanish Municipalities. *Urban Studies*, 47(7), 1513-1540. <https://doi.org/10.1177/0042098009353620>
- Ley 7/2005, de 29 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006. *Boletín Oficial del Estado*. 31, de 6 de febrero de 2006. <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2005/12/29/7>
- Ley 14/2010, de 27 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2011. *Boletín Oficial del estado*, 35, de 10 de febrero de 2011. <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2010/12/27/14>
- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera. *Boletín Oficial del Estado*, 103, de 30 de abril de 2012. <https://www.boe.es/eli/es/lo/2012/04/27/2/con>

- Ministerio de Hacienda y Función Pública (2001, 2010, 2019). *Presupuestos y Liquidaciones de las Entidades Locales*. <https://www.hacienda.gob.es/es-ES/Areas%20Tematicas/Administracion%20Electronica/OVEELL/Paginas/ConsultaPresupuestosYLiquidaciones.aspx>
- Ministerio de Hacienda y Función Pública. Catastro Inmobiliario (2023). *Estadísticas catastrales*. <https://www.catastro.hacienda.gob.es/esp/estadisticas.asp>
- Oates, W. E. (1979). Lump-sum intergovernmental grants have price effects. En P. Mieszkowski & W. H. Oakland (Eds.), *Fiscal federalism and grants in aid*. The Urban Institute.
- Pedraja Chaparro, F. M., Suárez Pandiello, J., Pedraja Chaparro, F. M., & Suárez Pandiello, J. (2004). La última «reforma» de la participación municipal en los tributos del Estado: Un análisis cualitativo. *Papeles de economía española*, 100, 77-91.
- Pedraja Chaparro, F. M., Suárez Pandiello, J., Pedraja Chaparro, F. M., & Suárez Pandiello, J. (2008). Reformar la PIE: ¿misión imposible? *Papeles de economía española*, 115, 152-165.
- Prieto, Á. M., Zofío, J. L., & Álvarez, I. (2015). Cost economies, urban patterns and population density: The case of public infrastructure for basic utilities*. *Papers in Regional Science*, 94(4), 795-817. <https://doi.org/10.1111/pirs.12096>
- Rico, M. H., Peña, P. S., Rico, M. H., & Peña, P. S. (2014). Determinación de la escala mínima eficiente en la provisión de bienes públicos locales. *Revista de economía aplicada*, 22(66), Article 66.
- Rosenthal, S. S., & Strange, W. C. (2001). The Determinants of Agglomeration. *Journal of Urban Economics*, 50(2), 191-229. <https://doi.org/10.1006/juec.2001.2230>
- Vaquero García, A. (2023). Algunhas reflexións en materia económica sobre las mancomunidades municipales en Galicia. *Revista Galega de Economía*, 32(1), 1-27. <https://doi.org/10.15304/rge.32.1.8623>
- Vaquero García, A., & Santirso Fernández, M. Á (2023). A Plusvalía municipal en Galicia: ¿Que podemos aprender para mellorar a capacidade fiscal deste imposto? *Revista Galega de Economía*, 32(3), 1-23. <https://doi.org/10.15304/rge.32.3.8922>

Apéndices

ANEXO 1. INGRESO POR HABITANTE E CAMBIO POR CAPÍTULO ORZAMENTARIO E GRUPO

DEREITOS LIQUIDADOS, EN EUROS DE 2019, POR HABITANTE										
GRUPO 1	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
2001	107	12	40	269	5	1	192	0	16	641
2010	172	13	70	463	5	7	297	0	20	1.047
2019	269	29	118	543	5	2	201	0	11	1.177
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	61	6	74	72	11	479	55	12	28	63

DEREITOS LIQUIDADOS, EN EUROS DE 2019, POR HABITANTE										
2010 a 2019	56	125	70	17	1	-76	-32	-1	-46	12
2001 a 2019	151	139	195	102	12	39	5	10	-31	84
GRUPO 2	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
2001	151	26	63	258	9	4	121	1	28	662
2010	223	11	106	362	6	2	265	1	22	998
2019	303	13	150	397	4	0	109	1	22	998
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	48	-59	67	40	-34	-52	119	-51	-20	51
2010 a 2019	36	17	41	10	-34	-80	-59	-5	-1	0
2001 a 2019	101	-52	136	54	-56	-90	-10	-53	-21	51
GRUPO 3	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
2001	166	35	100	240	9	16	98	1	30	695
2010	213	15	143	303	17	3	211	1	29	934
2019	261	10	150	324	4	2	62	0	12	825
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	28	-57	43	26	87	-84	116	11	-4	34
2010 a 2019	22	-32	4	7	-74	-23	-71	-22	-58	-12
2001 a 2019	57	-71	49	35	-52	-88	-36	-13	-59	19
GRUPO 4	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
2001	287	29	147	223	11	14	35	2	55	802
2010	334	31	174	279	11	4	166	2	53	1.052
2019	366	31	181	290	8	1	27	1	14	919
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	16	5	18	25	-3	-72	377	-16	-4	31
2010 a 2019	10	0	5	4	-23	-81	-84	-41	-74	-13
2001 a 2019	28	6	23	30	-25	-95	-23	-50	-75	15
TOTAL GALICIA	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total ingresos
2001	212	27	107	239	9	11	86	1	39	733
2010	269	22	143	321	11	4	208	1	38	1.017
2019	321	23	162	342	6	1	67	1	14	937
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	27	-20	33	34	14	-65	142	-16	-3	39
2010 a 2019	20	6	14	6	-40	-71	-68	-35	-63	-8

DEREITOS LIQUIDADOS, EN EUROS DE 2019, POR HABITANTE										
2001 a 2019	51	-15	51	43	-32	-90	-23	-45	-64	28

Nota Grupo 1, concellos que viron descender a súa poboación máis dun 20% entre 2001 e 2019; Grupo 2, concellos que viron caer a súa poboación menos dun 20% entre 2001 e 2019; Grupo 3, concellos que viron aumentar a súa poboación entre 2001 e 2019; Grupo 4, concellos de máis de 20 mil habitantes en 2001.

Fonte: elaboración propia a partir do Ministerio de Facenda, liquidacións dos orzamentos das entidades locais.

ANEXO 2. GASTO POR HABITANTE E CAMBIO POR CAPÍTULO ORZAMENTARIO E GRUPO, 2001, 2010, 2019. EUROS CONSTANTES DE 2019

OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS, EN EUROS DE 2019, POR HABITANTE.										
GRUPO 1	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	TOTAL	
2001	195	164	7	24	216	6	0	15	628	
2010	335	282	4	34	360	2	0	16	1033	
2019	384	409	2	42	293	2	0	18	1148	
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	71	73	-45	38	66	-62	-27	9	65	
2010 a 2019	15	45	-57	24	-19	-22	92	8	11	
2001 a 2019	97	150	-76	71	35	-70	41	17	83	
GRUPO 2										
GRUPO 2	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	TOTAL	
2001	225	182	11	28	190	2	1	18	657	
2010	324	295	5	33	323	4	1	31	1016	
2019	328	382	1	44	187	2	0	19	962	
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	44	62	-55	15	70	90	18	74	55	
2010 a 2019	1	30	-76	33	-42	-61	-48	-41	-5	
2001 a 2019	45	110	-89	54	-1	-26	-39	3	47	
GRUPO 3										
GRUPO 3	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	TOTAL	
2001	239	212	13	26	176	7	1	22	695	
2010	292	307	6	29	250	6	1	30	921	
2019	272	348	2	34	149	2	0	21	829	
CAMBIO EN PORCENTAXE										
2001 a 2010	22	45	-53	9	42	-13	29	37	32	

OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS, EN EUROS DE 2019, POR HABITANTE.									
2010 a 2019	-7	13	-59	17	-41	-61	-50	-29	-10
2001 a 2019	14	64	-81	27	-16	-66	-35	-3	19
MÁIS DE 20 MIL (EN 2001)									
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
2001	247	268	28	42	125	13	4	51	777
2010	294	373	7	58	239	11	2	48	1033
2019	260	405	2	71	91	6	1	32	868
CAMBIO EN PORCENTAXE									
2001 a 2010	19	39	-76	39	92	-15	-50	-5	33
2010 a 2019	-12	9	-77	22	-62	-47	-39	-35	-16
2001 a 2019	5	51	-94	70	-27	-55	-69	-38	12
TOTAL GALICIA									
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
2001	234	227	19	34	160	9	2	34	718
2010	304	335	6	45	270	8	1	37	1005
2019	287	389	2	55	141	4	1	26	904
CAMBIO EN PORCENTAXE									
2001 a 2010	30	48	-69	32	69	-14	-40	9	40
2010 a 2019	-6	16	-71	24	-48	-49	-39	-31	-10
2001 a 2019	23	72	-91	63	-12	-56	-64	-25	26

Nota Grupo 1, concellos que viron descender a súa poboación máis dun 20% entre 2001 e 2019; Grupo 2, concellos que viron caer a súa poboación menos dun 20% entre 2001 e 2019; Grupo 3, concellos que viron aumentar a súa poboación entre 2001 e 2019; Grupo 4, concellos de máis de 20 mil habitantes en 2001.

Fonte: elaboración propia a partir do Ministerio de Facenda, liquidacións dos orzamentos das entidades locais.

ANEXO 3. GASTO POR HABITANTE E FUNCIÓN, 2001, 2010, 2019. EUROS CONSTANTES DE 2019

OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS POR HABITANTE, EUROS DE 2019										
FUNCIONES										
2001	1	2	3	4	5	6	7	8	9	TOTAL GASTOS
GRUPO 1	124	13	72	233	141	5	6	12	22	628
GRUPO 2	101	28	86	267	113	16	14	4	28	657
GRUPO 3	103	34	83	299	101	21	13	6	35	695

OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS POR HABITANTE, EUROS DE 2019										
FUNCIÓNS										
GRUPO 4	85	64	85	356	68	28	4	9	77	777
TOTAL GALICIA	97	44	83	312	93	21	8	8	52	718

Lenda

- 1 Servizos de carácter xeral
- 2 Protección civil e seguridade cidadá
- 3 Seguridade, protección e promoción social
- 4 Produción de bens públicos de carácter social
- 5 Produción de bens de carácter económico
- 6 Regulación económica de carácter xeral
- 7 Regulación económica de sectores produtivos
- 8 Transferencias a Administracións Públicas
- 9 Débeda pública

DATOS POR HABITANTE E CAMBIO ENTRE 2010 E 2019							
2010	11	12	13	14	15	16	TOTAL GASTOS
GRUPO 1	19,64	329,16	151,93	145,86	174,28	212,45	1033,33
GRUPO 2	35,17	369,59	137,22	176,89	119,84	177,13	1015,84
GRUPO 3	35,16	366,10	114,63	186,40	70,84	147,46	920,59
GRUPO 4	54,44	460,02	116,36	176,45	67,43	158,20	1032,90
TOTAL	42,64	408,11	123,83	174,73	90,21	165,81	1005,33
2019							
GRUPO 1	18,73	378,64	204,81	141,67	160,39	240,32	1144,56
GRUPO 2	19,38	349,27	153,76	175,11	79,83	185,14	962,48
GRUPO 3	22,63	339,76	115,54	155,58	53,14	141,94	828,59
GRUPO 4	32,66	397,25	94,49	152,48	58,83	131,82	867,52
TOTAL	26,81	374,69	120,46	155,31	71,96	154,16	903,39
CAMBIO, EN PORCENTAXE, ENTRE 2010 E 2019							
GRUPO 1	-4,64	15,03	34,81	-2,87	-7,97	13,12	10,76
GRUPO 2	-44,90	-5,50	12,05	-1,01	-33,39	4,52	-5,25
GRUPO 3	-35,63	-7,19	0,79	-16,53	-24,99	-3,74	-9,99
GRUPO 4	-40,00	-13,65	-18,80	-13,58	-12,75	-16,68	-16,01

OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS POR HABITANTE, EUROS DE 2019							
FUNCIONES							
TOTAL	-37,12	-8,19	-2,72	-11,11	-20,23	-7,03	-10,14
Lenda							
11 Débeda pública							
12 Servizos públicos básicos							
13 Actuacións de protección e promoción social							
14 Produción de bens públicos de carácter preferente							
15 Actuacións de carácter económico							
16 Actuacións de carácter xeral							

Nota Grupo 1, concellos que viron descender a súa poboación máis dun 20% entre 2001 e 2019; Grupo 2, concellos que viron caer a súa poboación menos dun 20% entre 2001 e 2019; Grupo 3, concellos que viron aumentar a súa poboación entre 2001 e 2019; Grupo 4, concellos de máis de 20 mil habitantes en 2001.

Fonte: elaboración propia a partir do Ministerio de Facenda, liquidacións dos orzamentos das entidades locais.

ANEXO 4. CAMBIO PORCENTUAL POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS E GRUPOS DE CONCELLOS. EUROS CONSTANTES DE 2019

INGRESOS CAPÍTULOS	DEREITOS LIQUIDADOS									TOTAL
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	
GRUPO 1										
2001 a 2010	37	-9	48	47	-5	395	32	-4	9	40
2010 a 2019	29	86	40	-3	-17	-80	-44	-19	-55	-7
2001 a 2019	77	69	108	43	-21	-2	-26	-22	-51	30
GRUPO 2										
2001 a 2010	43	-60	62	36	-36	-54	112	-52	-22	46
2010 a 2019	26	8	31	2	-38	-81	-62	-12	-9	-7
2001 a 2019	80	-57	112	38	-61	-91	-19	-58	-29	35
GRUPO 3										
2001 a 2010	47	-51	63	44	114	-81	147	27	10	53
2010 a 2019	24	-31	6	8	-74	-22	-70	-21	-57	-10
2001 a 2019	82	-66	73	56	-45	-86	-26	0	-53	37
MÁIS DE 20 MIL										
2001 a 2010	22	11	24	32	2	-71	402	-11	1	38
2010 a 2019	9	0	4	3	-24	-81	-84	-41	-74	-13

INGRESOS		DEREITOS LIQUIDADOS								
CAPÍTULOS	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
2001 a 2019	34	11	29	36	-22	-94	-20	-48	-74	20
TOTAL GALICIA										
2001 a 2010	30	-18	37	38	17	-64	148	-14	0	42
2010 a 2019	16	2	10	3	-42	-72	-69	-37	-64	-11
2001 a 2019	50	-16	50	42	-32	-90	-23	-46	-64	27
GASTOS		OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS								
CAPÍTULOS	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	TOTAL	
GRUPO 1										
2001 a 2010	47	48	-53	18	42	-68	-37	-7	41	
2010 a 2019	-5	20	-64	2	-33	-36	58	-11	-8	
2001 a 2019	39	76	-83	21	-4	-79	-1	-17	29	
GRUPO 2										
2001 a 2010	39	57	-57	12	65	84	14	68	50	
2010 a 2019	-6	20	-78	24	-46	-64	-52	-45	-12	
2001 a 2019	31	89	-90	38	-11	-34	-46	-8	32	
GRUPO 3										
2001 a 2010	40	65	-47	25	62	0	48	56	51	
2010 a 2019	-6	15	-59	18	-40	-60	-49	-28	-9	
2001 a 2019	32	90	-78	47	-2	-61	-25	12	38	
MÁIS DE 20 MIL										
2001 a 2010	25	47	-74	47	102	-11	-47	0	40	
2010 a 2019	-12	8	-77	22	-62	-47	-40	-35	-16	
2001 a 2019	10	58	-94	78	-24	-53	-68	-35	17	
TOTAL GALICIA										
2001 a 2010	33	52	-68	35	73	-12	-39	12	44	
2010 a 2019	-9	12	-72	19	-50	-51	-41	-34	-13	
2001 a 2019	22	70	-91	61	-13	-56	-64	-25	25	

Fonte: elaboración propia a partir do Ministerio de Facenda, liquidacións dos orzamentos das entidades locais.